



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO
PIANÍSTICO**

INTRODUCCIÓN

A necesidade de garantir unha formación musical que proporcione o nivel de expresión artística propio duns estudos especializados que teñen como meta o exercicio profesional e que por iso están destinados a aqueles alumnos que posúen aptitudes específicas e vontade para dedicarse a eles, demanda un currículo que non se limite ao dominio puramente práctico das diferentes técnicas instrumentais e coñecementos académicos vinculados ao ensino máis tradicional, asemade debe incluír outros aspectos inherentes ao feito musical como fenómeno tanto histórico-cultural como estético psicolóxico que permitan un desenvolvemento máis acorde co carácter humanista que esixe a formación integral do músico.

O grado superior foi articulado co obxectivo último de proporcionar esta formación o máis completa posible nos seus aspectos prácticos, teóricos e metodolóxicos para garantir ao alumnado o acharse cualificado óptimamente nos diversos ámbitos referentes á creación, a interpretación, a investigación e a docencia. Con este obxectivo suscítase a creación de materias que se basean na profundización de contidos teórico-humanísticos, que lonxe de supoñer unha mera complementación, imprimen a este tramo final dos estudos o seu verdadeiro carácter de ensino superior.

Así, co coñecemento e estudo do repertorio pianístico e das diferentes escolas interpretativas na súa inmensa variedade de grandes autores, intérpretes e estilos, buscamos que o alumno adquira conciencia da fundamental importancia destes conceptos. A súa comprensión estética, formal e interpretativa proporcionará unhas bases sólidas para a creatividade musical, resultando ser un soporte fundamental para manter viva a conciencia da nosa identidade como intérpretes.

Para comprender a influencia cultural do repertorio para piano basta unha mirada retrospectiva á historia da música occidental. Comprobarase que, desde a existencia deste instrumento, a música para el composta foi un constante impulso creador de vigorosa orixinalidade.

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer en profundidade o repertorio pianístico e do teclado en xeral, realizando un percorrido estilístico, técnico e formal ao longo da súa historia.
- Identificar polas súas características máis destacables os distintos estilos predominantes, situándoos na época e referencias culturais pertinentes. Relacionar de forma sincrónica e diacrónica os diferentes estilos.



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO
PIANÍSTICO**

- Recoñecer a linguaxe individual de cada autor dentro da época e o estilo no que se lle encadra.
- Relacionar a evolución constructiva dos instrumentos de teclado coa evolución das esixencias sonoras e de escritura xurdida simultaneamente.
- Desenvolver un criterio interpretativo, de investigación e reflexión no alumnado para a correcta apreciación musical e artística.
- Valorar a corrección e fidelidade de distintas edicións dos textos musicais.
- Apreciar os distintos criterios de interpretación da mesma obra.
- Incrementar a bagaxe cultural do alumno para a súa incorporación eficiente á vida profesional.
- Comprender e gozar do feito musical, fomentando hábitos de lectura, audición e interpretación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Tal como establece a lei, a avaliación será continua e valoraranse aspectos Atitudinais ademais dos conceptuais. A amplitude dos contidos da materia e a posibilidade de abordar os mesmos desde distintos campos, permite unha certa flexibilidade no tipo de probas que se realizarán. Así, estas serán escritas, de recoñecemento auditivo, análise de partituras, traballos de investigación ou execución musical. Deste xeito, comprobarase en diferentes fases a comprensión da materia polo alumnado. Quedará ao criterio do profesor a realización de probas por escrito, orais ou de práctica instrumental que recollan na súa totalidade ou en parte as probas anteditas nos respectivos cursos desta materia.

- Coñecer o repertorio pianístico, identificando e relacionando distintas épocas e autores.
- Amosar a adquisición dun criterio apropiado para recoñecer características formais dunha obra.
- Avaliar o coñecemento das obras máis representativas.
- Identificar características de escritura instrumental coas específicas do piano na súa evolución.



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO
PIANÍSTICO**

BIBLIOGRAFÍA

Nun principio non existe un libro de texto obrigatorio para a materia, que será impartida por medio de clases orais das que os alumnos poderán tomar os apúntes necesarios. O profesor facilitará copia de distintos esquemas, exemplos musicais ou outros escritos. Non entanto poden ser de axuda, entre a escasa bibliografía publicada en español sobre o tema, libros como os seguintes:

- F.R. de Tranchefort (dir.).....Guía de la música de piano y de clavecín. (Ed. Taurus Humanidades)
- D. Matthews.....La música para teclado (Col. Iniciación a la Música. Ed. Taurus).
- P. RattalinoHistoria del Piano (Ed. Labor)
- J. Siepmann..... El Piano (Guías musicales Acento-E.M.I.)

(Ademais dos estudos dedicados a un autor ou obra concretos, útiles para cada tema).

Obviamente será necesaria a consulta das principais partituras ás que alude en cada tema respectivo, que tamén son as de coñecemento fundamental para un instrumentista de piano.

No desenvolvemento das clases empregaránse gravacións e filmacións de intérpretes recoñecidos e, por suposto, dispoñeráse dun piano para a lectura e debida apreciación das obras estudadas.

CAMBIO NA DISTRIBUCIÓN DA MATERIA.

En vista da experiencia adquirida impartindo esta materia, comprobei que illar a cultura ibérica para teclado durante o primeiro curso como viña facendo ata o curso 2004-05, provocaba unha desigualdade moi pronunciada na distribución da materia respecto dos cursos de historia da música e de análise que os alumnos realizan no grado superior.

Así, aínda que no seu repertorio de primeiro curso de piano toquen e coñezan obras españolas dos séculos XIX e XX, faise máis ardua e difícil a perspectiva dos autores destes séculos sen examinar previamente a doutros autores europeos contemporáneos.

En consecuencia decidín cambiar a programación desta materia a partir do curso 2005-2006 para facer un enfoque global da mesma seguindo unha orde cronolóxica conforme á xa seguida noutras materias deste grado.



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO
PIANÍSTICO**

Durante este ano escolar, o cambio afectará ao primeiro e segundo dos cursos da materia, quedando terceiro e cuarto estruturados tal como estaban. Obviamente, a miña intención é ir reformando cada curso a medida que transcorran os anos escolares sucesivos, á espera de que os catro cursos fiquen xa completamente readaptados no ano escolar 2008-2009.

Os sucesivos cambios da programación serán postos por escrito en cada un dos cursos sucesivos.

CURSO 1º

Tema 1 Primeiros testemuños conservados da música para teclado. Os sécalos XIV e XV.

Tema 2 – O Renacimiento. Formas principais e a súa evolución. Xurdimento de trazos distintivos entre o órgano e os restantes instrumentos de tecla. A primeira música impresa para tecla. As primeiras escolas para teclado en Alemania e Italia. Antonio de Cabezón.

Tema 3- O primeiro barroco. O desenvolvemento da primeira gran escola de teclado: os virxinalistas ingleses. Características compartidas da forma e a escritura instrumental. Trazos específicos de Byrd, Bull e Gibbons. Similitudes e influencias nos Países Baixos. Sweelinck. Italia: Frescobaldi. Os inicios dos cravistas franceses. Xurdimento das características distintivas entre o norte e o sur de Alemania. Froberger. Elementos procedentes da escritura para laúde. Danzas e formas afines.

Tema 4- O periodo medio do Barroco. Purcell e o Barroco en Inglaterra. Plenitude do barroco francés: François Couperin. Alemania e os predecesores inmediatos de J.S. Bach.

Tema 5- O Barroco tardío. Rameau e o final da escola francesa para clave. Influencia da escritura para violín na forma, a textura e o virtuosismo instrumental para teclado do barroco italiano. Os autores de sonatas. Domenico Scarlatti. As súas sonatas. Simbiose coa música española. Estudo das súas innovacións na técnica instrumental e dos trazos que definen o seu estilo. Contemporáneos de Scarlatti en España e Portugal: Seixas e Albero.

Tema 6- Obras e estilos predominantes entre os contemporáneos de J. S. Bach. Trazos significativos de Haendel a partir das súas suites.



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO
PIANÍSTICO**

Tema 7- Johann Sebastian Bach. A súa inmensa achega á música para teclado. Clasificación da súa obras. Estudo das súas características. Comentarios para a súa interpretación.

Tema 8- Os fillos de J. S. Bach e os autores do estilo galante e o preclasicismo. Trazos definitorios. A súa influencia na xeración posterior.

Tema 9- O Padre Soler. Similitudes co estilo de Scarlatti e peculiaridades. As xeracións finais do s. XVIII en España. Influencias do estilo galante, o clasicismo e as últimas consecuencias da tradición scarlattiana. Blasco de Nebra.

CURSO 2º

Tema 1- A forma sonata clásica. Franz Joseph Haydn. Desenvolvemento da escritura para o teclado na súa obra.

Tema 2- Wolfgang Amadeus Mozart. As súas sonatas e concertos como apoxeo do estilo cantante na escritura para teclado do clasicismo.

Tema 3- Clementi como virtuoso innovador e precedente da escritura pianística de Beethoven..

Tema 4- Ludwig van Beethoven. A súa obra para piano como fundamento de toda a escritura e execución posteriores. Aspectos innovadores e desenvolvemento da tradición. Discusión da interpretación dos seus recursos instrumentais.

Tema 5- Schubert. A síntese do estilo sinfónico e o lírico na sonata. Innovacións formais: a fantasía e as pezas breves.

Tema 6- Weber, Dussek, Field e Hummel: o virtuosismo e a nova sensibilidade romántica.

Tema 7- Mendelssohn. Clasicismo e romanticismo na súa escritura pianística.

CURSO 3º

Tema 1 Ludwig van Beethoven. A súa obra para piano como fundamento de toda a escritura e execución posteriores. Aspectos innovadores e desenvolvemento da tradición. Discusión da interpretación dos seus recursos instrumentais.



DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO PIANÍSTICO

Tema 2 - Clementi e outros autores de sonatas do clasicismo.

Tema 3 Schubert. A síntese do estilo sinfónico e o lírico na sonata. Innovacións formais: a fantasía e as pezas breves.

Tema 4 Weber, Dussek, Field e Hummel: o virtuosismo e a nova sensibilidade romántica.

Tema 5 Mendelssohn. Clasicismo e romanticismo na súa escritura pianística.

Tema 6 Os tres grandes mestres do romanticismo (1) Schumann.

Tema 7 Os tres grandes mestres do romanticismo (2) Chopin.

Tema 8 Os tres grandes mestres do romanticismo (3) Liszt.

Tema 9 Brahms. Os seus tres grandes períodos.

Tema 10 Os nacionalismos musicais. Rusia: Balakirev, Mussorgsky e Tchaikovsky.

Tema 11 Os nacionalismos musicais. Noruega: Grieg. Os checos: Smetana e Dvorak.

CURSO 4º

Tema 1 Francia: a transición do romanticismo ao impresionismo. Franck, Chabrier e Fauré.

Tema 2 - Plenitude do impresionismo. Debussy.

Tema 3 Impresionismo e clasicismo. Ravel.

Tema 4 - Satie e os ismos do s. XX. O grupo dos 6.

Tema 5 Rusia: da inmediatez romántica ao esoterismo secreto. Rachmáninov e Skriabin.

Tema 6 O piano percusivo: Stravinsky e Prokofiev. Outros compositores da Rusia soviética.

Tema 7 Polo folklore ás vangardas: Bartok.



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807

Email: cmus.vigo@edu.xunta.es

Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE PIANO

ESPECIALIDADE PIANO

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO PIANÍSTICO

Tema 8 A linguaxe posromántica alemana e a Segunda Escola de Viena. Dodecafonismo no piano. Hindemith e unha nova orde tonal.

Tema 9 Messiaen. Unha linguaxe mística accesible. A súa vinculación coas vangardas. Boulez e Stockhausen.

Tema 10 O piano dos grandes compositores de Norteamérica. Tradición, jazz e experimentalismo.